

ACTA NÚM. 3 FINAL DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE TRABALLADOR/A SOCIAL**Proceso selectivo: 1 TRABALLADOR/A SOCIAL**

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Rianxo, ás 08:05 horas, do día 4 de agosto de 2022, reúnese José Antonio Álvarez Bouzas como presidente do Tribunal Cualificador que avaliou as probas selectivas para a creación dunha lista de contratación persoal laboral temporal de traballador/a social e o suplente da Secretaria accidental como fedatario público.

O motivo desta sesión é analizar e resolver as alegacións recibidas por parte de varias persoas aspirantes ademais o tribunal detectou varios erros na orde de prelación das persoas candidatas na listaxe publicada na Acta número 2, e un erro na suma aritmética das puntuacións dunha aspirante que se arranxan de oficio.

Alegación núm. 1: AvargasN solicita a revisión do seu caso práctico mediante a interposición do seu escrito co núm. de rexistro: 202299900001085 de data 23/06/2022:

A puntuación acadada pola aspirante no caso práctico foi a seguinte:

| Correctas | Erradas | Branco | Puntuación |
|-----------|---------|--------|------------|
| 6 | 3 | 1 | 6 |

Como a aspirante non explica en que punto ou puntos considera que está mal corrixido o seu exame, o tribunal procede a efectuar unha revisión aritmética global do seu exame e non detectando ningún problema na puntuación final procédese a **desestimar** a alegación presentada.

Alegación núm. 2 : GnogueiraR solicita a publicación da plantilla de respostas dos exames realizados mediante a interposición do seu escrito co núm. de rexistro: 202299900001087 de data 23/06/2022 o tribunal **estima** a súa pretensión e comproba que se atopan publicados na páxina Web institucional: concelloderianxo.gal no apartado de procesos selectivos.

Alegación núm. 3 : NcesC solicita a revisión do seu caso práctico mediante a interposición do seu escrito co núm. de rexistro: 202299900001104 de data 23/06/2022:

(...)

"Segundo as bases, no seu punto 5.1.2, o caso práctico terá un puntuación máxima de 10 puntos. Tal e como se observa na acta publicada e no documento adxunto que se achega existen incongruencias nas puntuacións existindo 2 participantes con 8 preguntas contestadas, 1 pregunta errada e 1 pregunta en branco as cales unha obtén unha puntuación de 5,17 puntos e outra obtén 7,75 puntos, sendo esta última puntuación máis alta incluso que persoas que teñen as 10 preguntas ben contestadas. No meu caso con 8 preguntas ben contestadas e dúas erradas obteño unha puntuación de 5 puntos que tendo en conta a puntuación máxima debería ser en base ao cálculo de 7,5 puntos"

(...)

O tribunal, observa que xunta un documento que parece oficial modificado informaticamente e por seguridade xurídica infórmase a esta aspirante que non resulta aconsellable a modificación por medios electrónicos de documentos oficiais, pese a esta advertencia revisase o caso desta persoa aspirante.

As puntuación acadada pola aspirante no caso práctico publicada tanto na acta num. 1 como na 2, foi a seguinte:

| Correctas | Erradas | Branco | Puntuación |
|-----------|---------|--------|------------|
| 8 | 2 | 0 | 8,00 |

Cabe suliñar que o tribunal decidiu non restar puntuación polas preguntas erradas. O tribunal procede a efectuar unha revisión aritmética global do seu exame e non detectando ningún problema na puntuación final procédese a **desestimar** a alegación presentada.

Alegación núm. 4 : NReyC solicita a revisión da orde prelación das persoas candidatas na listaxe publicada na Acta número 2. mediante a interposición do seu escrito co núm. de rexistro: 202299900001121 de data 29/06/2022 o tribunal xa se percatou deste erro e como xa se indicou **estima** a súa pretensión e publicárase a orde correcta a continuación da resolución de alegacións.

Alegación núm. 5 : SLorenzoR solicita a revisión da súa puntuación mediante a interposición do seu escrito co núm. de rexistro: 202299900001125 de data 29/06/2022 o tribunal xa se percatou deste erro e **estima** a súa pretensión.

| APELIDOS E NOME | 1º EXERCICIO | | | | 2º EXERCICIO | | | | PUTUA- CIÓN TOTAL |
|--------------------------|----------------|--------------|-------------|-------------|----------------|--------------|-------------|-------------|-------------------------|
| | Correc- tas | Erra- das | Bran- co | Total 1º | Correc- tas | Erra- das | Bran- co | Total 2º | |
| LORENZO RODRIGUEZ SANDRA | 26 | 3 | 1 | 16,83 | 9 | 0 | 1 | 9,00 | 25,83 |

Alegación núm. 6 : MDMartínezB solicita a revisión da súa puntuación mediante a interposición do seu escrito co núm. de rexistro: 202299900001135 de data 30/06/2022 o tribunal revisou esta cuestión e **desestima** a súa pretensión.

A recurrente presenta reclamación contra unha pregunta do exame tipo test por entender que, a número 6, pode ter dúas respostas posibles ao seu criterio. A redacción da pregunta é a seguinte:

“6- Segundo o artigo 21 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, a libranza vinculada á adquisición de servizos de atención a persoas en situación de dependencia ten a consideración de:

- a) Servizo de carácter esencial
- b) Servizo de natureza material ou tecnolóxica
- c) Prestación económica”

A recurrente considera que a pregunta ten dúas respostas posibles, a primeira, a) Servizo de carácter esencial, e a terceira, c) Prestación económica. Na publicación das respostas correctas, na número 6, aparece como válida a resposta C).

Ao criterio da recurrente, o apartado 3 do artigo califica as letras a), b), e), f), g) e h) do punto anterior, o 21.2, como “servizos esenciais”. No obstante, ao criterio deste Tribunal o artigo 21.3 é taxativamente claro na súa redacción, referíndose a libranza vinculada á adquisición de servizos de atención a persoas en situación de dependencia como unha “PRESTACIÓN ECONÓMICA” e en ningún momento se refire a mesma como un servizo.

Entendemos así, que a única resposta válida que é correcta na súa integridade é a C) Prestación económica..

Alegación núm. 7 : IRamirezA solicita a revisión da súa puntuación mediante a interposición do seu escrito co núm. de rexistro: 02299900001137 de data 30/06/2022:

(...)“1. Publicada a Acta num. 1 non estou de acordo coa miña nota no primeiro exercicio e polo tanto non estou de acordo coa miña nota final. Sendo a puntuación total 20 puntos e habendo 30 preguntas, para saber o valor de cada pregunta correcta dividimos 20 entre 30, sendo o resultado 0,666; aproximando 0,67. Este 0,67 divídese a súa vez entre 4, xa que cada resposta fallada descontaba un cuarto de cada acerto, polo tanto o resultado é 0,1675, aproximando 0,17. Como acertei 24 preguntas multiplicamos 0,67 por 24 e o resultado é 16,08. Como falei 6 preguntas, multiplicamos 0,17 por 6 e danos 1,02. Ao total de acertos restamos o total de fallos, 16,08 menos 1,02, e o resultado é 15,06 e non 15,00 como pon na Acta num. 1. Na puntuación final o resultado de sumar a puntuación do primeiro exercicio e o segundo (15,06 máis 9) debería ser polo tanto 24,06 e non 24,00.

2. No listado final da Acta num. 2, os postos número 4, 8 e 18 non están no seu lugar correspondente segundo a súa nota acadada.”(...)

Para resolver esta cuestión hai que partir da puntuación máxima establecida nas bases do citado proceso selectivo no punto 5.1 Oposición (Puntuación máxima: 30 puntos) e máis concretamente no punto 5.1.1.- Exame tipo test (puntuación máxima: 20 puntos).

Os membros do tribunal entendemos que estamos autorizados para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso de selección en todo o non previsto nestas bases, pero en ningún caso podemos modificar as puntuacións máximas establecidas polo órgano competente para elaborar as mesmas que neste caso corresponde a Alcaldía. Así o obxectivo principal e de que neste procedementos de concorrencia competitiva para o acceso á función pública, se garanta a seguridade xurídica (art. 9.3 CE) no tratamento igual dos concursantes (art. 23.2 CE) cunha actuación homoxénea do Tribunal na corrección dos exercicios.

Dito esto o tribunal estima parcialmente a alegación de IRamirezA:

Primeiro: **Desestímase** a forma de valoración suxerida xa que seguindo o argumento de aproximar a 0,67 cada pregunta correcta, unha persoa que acertara todas conseguiría una puntuación de 20,10 puntos (superior a puntuación máxima establecida nas bases, desviación que sería acumulativa se no segundo exercicio se aproximara da mesma maneira que propón a dita aspirante). Polo que resulta imprescindible a aproximación a todos os decimais necesarios para non modificar ese máximo que ven dado polas bases de selección e aplicalo **homoxéneamente** na corrección de **todos** os exercicios.

Segundo: o tribunal xa se percatou no erro producido no orde da prelación e **estima** a súa pretensión.

Alegación núm. 8: GMCostoyaB solicita a revisión da orde prelación das persoas candidatas na listaxe publicada na Acta número 2. mediante a interposición do seu escrito co núm. de rexistro: 202299900001138 de data 30/06/2022 o tribunal xa se percatou deste erro e como xa se indicou **estima** a súa pretensión e publicárase a orde correcta a continuación da resolución de alegacións.

O tribunal detecta outro erro aritmético na suma das puntuacións acadadas por unha aspirante, polo que se corrixe e a nova puntuación sería a seguinte:

| APELIDOS E NOME | 1 ° Exercicio | | | | 2 ° Exercicio | | | | TOTAL |
|------------------------------|---------------|---------|--------|----------|---------------|---------|--------|----------|-------|
| | Correctas | Erradas | Branco | Total 1º | Correctas | Erradas | Branco | Total 1º | |
| SUAREZ LLANO MARIA D. CARMEN | 26 | 3 | 1 | 16,83 | 10 | 0 | 0 | 10,00 | 26,83 |

O tribunal reúnese para dar conta das novas puntuacións, da que se estende a presente acta que será asinada por todos os membros. Na valoración global do proceso obtense os seguintes resultados xa ordenados de maior a menor puntuación, e se propón a Alcaldía para as contratacións que se estimen oportunas:

| NÚM. ORDE | APELIDOS E NOME | OPOSICIÓN (MÁX. 30 P) |
|-----------|---|-----------------------|
| 1 | CARNERO BELLON M ^a MERCEDES | 28,17 |
| 2 | REY CEBREIRO BETANIA | 28,00 |
| 3 | MARTINEZ BECERRA M ^a DOLORES | 27,67 |
| 4 | REY RADIO NURIA | 27,33 |
| 5 | SUAREZ LLANO MARIA DEL CARMEN | 26,83 |
| 6 | LODEIRO IÑIGUEZ LUCIA | 26,67 |
| 7 | GONZALEZ SAR BEATRIZ | 26,67 |
| 8 | COSTOYA BELLO GEMMA MARIA | 25,83 |
| 9 | LORENZO RODRIGUEZ SANDRA | 25,83 |
| 10 | GAGO MOLEDO LETICIA | 25,17 |
| 11 | CAAMAÑO REY CARMEN MARIA | 24,83 |
| 12 | RIVAS NOGUEIRA GRACIELA | 24,00 |
| 13 | TEMBRA PENEIREIRO MARIA JOSE | 24,00 |
| 14 | RAMIREZ ABAL IRENE | 24,00 |
| 15 | SILVA GONZALEZ IRMA MARIA | 23,67 |
| 16 | GONZALEZ VARELA YOLANDA | 23,17 |
| 17 | SANTOS DIAZ CRISTINA | 22,83 |
| 18 | FILGUEIRAS LOPEZ NURIA | 22,50 |
| 19 | ESPIÑO LOURO SONIA | 21,50 |
| 20 | ALCALDE REGENJO NATALIA | 21,17 |
| 21 | CES COMOJO NOELA | 21,17 |
| 22 | RODRIGUEZ TUBIO CRISTINA | 18,67 |
| 23 | VARAS NOGUEROL ADORACION | 18,00 |

O tribunal non realizou exercicio de galego xa que todas as persoas aspirantes que superaron as probas anteriores contan co certificado expedido polo órgano competente.

De acordo co disposto no artigo 121.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra os acordos do tribunal cualificador cabe interpor recurso de alzada perante o Sr. alcalde-presidente, como órgano que nomea ao presidente do tribunal, sen prexuízo de calquera outro que se estime conveniente. O prazo será dun mes a partir do día seguinte ó da publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Rianxo.

Non habendo máis asuntos que tratar, o secretario suplente do tribunal remata a sesión ás 12:22 h do 4 de agosto de 2022.

A presente acta será exposta no Taboleiro de anuncios do Concello, no sitio web e na Sede electrónica municipal.